

NATURAIS

Empezamos o tema 3: OS SERES VIVOS. Imos dividilo en dúas partes: animais e prantas.

Esta semana e a que vén estudaremos “Os animais”. Iremos elaborando unha ficha sobre un animal pouco a pouco.

Xa sabemos que é un tema que vos gusta moito e que vos resulta moi fácil. Pero... hai que aprender vocabulario e saber expresarse. Por iso hai que estudalo despaciño. Todo o que poñemos é do libro de Anaya. O que non é xa o indicamos, como os vídeos de Vicens Vives. Se alguén ten problema para acceder ao libro de Anaya, que o diga e miramos de mandar os vídeos doutro xeito. O tema en pdf estará nun arquivo adxunto por se alguén o necesita tamén.

Para esta semana propoñemos o seguinte. **Non hai que facer os exercicios das páxinas do libro polo de agora.**

Día 1:

- Videoconto do granxeiro (páx. 42)
- Seres vivos e seres **inertes**. Presentación e galería páx. 44.
- [Vídeo de Vicens](#).
- Actividade interactiva páx. 45 “Os seres vivos” e “Que fan os seres vivos?”

Día 2:

- Que seres vivos hai? Animais e plantas.
- Actividade interactiva páx. 46 “Animais e plantas”.
- Pensamos un animal para facer a súa ficha. Ímonos fixando cada día nas súas características para escribilo despois na ficha.
- Empezo a ficha: poño o título (nome do animal) e fago o seu debuxo.

Día 3:

- Así son os animais. Páxs. 48-49
- Vertebrados e invertebrados.
- “Galería. Animais” da páx. 48
- Actividade interactiva “Os invertebrados” Páx. 49
- Empezo a escribir datos na ficha. O meu animal elixido é vertebrado ou invertebrado?

Día 4.

- Como se dividen os animais vertebrados: mamíferos, aves, peixes, réptiles e anfibios. (páx. 48) [Vídeo Vicens](#) “Os animais”
- Vídeo “Ordenamos a gran variedade de animais” (páx. 50).
- Completo o seguinte dato da ficha. Se é vertebrado, que clase de vertebrado é?